

## Segundo número da revista Pontenorga

Por **Marga Toxo**

A revista de estudos sociolingüísticos promovida desde o Salnés, ofrece neste número un monográfico sobre Ramón Cabanillas. Marga Toxo, estudante de Filoloxía Galega na Universitat de Barcelona, resume os seus contidos.

- 01:08 15/05/2001

A revista *Pontenorga. Revista de estudos sociolingüísticos* foi concebida como un espacio onde dar cabida ás diferentes propostas e colaboracións procedentes das administracións, relacionadas cos ámbitos sociolingüístico e cultural galegos. A iniciativa ten que ver co proxecto do Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia, co que se pretende dar a coñecer e potenciar a riqueza lingüística e cultural das comarcas galegas. Neste senso, a revista *Pontenorga* recolle artigos, tanto de carácter documental como de investigación ou opinión, achegados en diferentes concellos.

Este segundo número está adicado integramente a Cabanillas e recolle o material reunido e revisado polo Servicio Lingüístico Comarcal do Salnés, procedente das primeiras xornadas sobre este autor, organizadas pola dita entidade no corenta aniversario da súa morte, que tiveron lugar en Cambados os días 5 e 6 de novembro de 1999. Trátase dun material inédito de grande interese no que se recollen as exposicións de Alonso Montero, Fernández del Riego, Rei Núñez, Millán Otero, Fernández Rei e Méndez Ferrín, ademais dunha escolma de poemas de Cabanillas e mais os textos que diversos autores compuxeron en homenaxe ao poeta de Fefiñáns.

O profesor Alonso Montero aborda o tema da poesía de Cabanillas no contexto da guerra civil: a aportación poética dun home conservador que, sen embargo, escribe algúns poemas belixerantes que aparecen en revistas comunistas da época. Ademais dunha versión galega de "La Internacional", Alonso Montero reproduce integramente aqueles poemas dos que Basilio Álvarez tomou os versos para o himno de Acción Galega.

Fernández del Riego fai unha particular inclusión no universo literario de Cabanillas, un percorrido pola obra e a vida de quen di "moita da súa poesía foi síntese da vida aldraxada e miserenta que o poeta sentía no seu contorno". A esta experiencia vital do poeta na súa terra, antes de marchar a Cuba, achéganos Rei Núñez. Non hai que esquecer que non existe, polo momento, unha biografía escrita; a pretensión desta exposición é axudar a comprender a evolución do poeta e da súa posterior actitude en *No desterro*, o espertar do periodista e poeta social, que coincide, en boa medida, co abandono do seu labor burocrático no concello.

Millán Otero, a partir dunha análise de *O mariscal* fala de Cabanillas como renovador do teatro galego, un

teatro que, desde a estrea de *A fonte do xuramento* de Francisco de la Iglesia, en 1882, se vira determinado por unha excesiva intención teorizadora por parte da intelectualidade galega. Fernández Rei ocúpase do tema do mar na obra literaria de Cabanillas: a simboloxía da terminoloxía mariñeira, o mar soñado, a arousización dos *Versos de alleas terras* e unha interpretación mariñeira da esencia galega en *Da terra asoballada*.

As seis exposicións recollidas neste monográfico complétanse coa aportación de Méndez Ferrín ó estudo da figura literaria e humana de Cabanillas. Un percorrido vital no que Ferrín amosa un certo escepticismo sobre o suposto conservadurismo do poeta, claramente identificado co nacionalismo galego, e que na escisión interna do Partido galerista, cando Filgueira Valverde e Risco asinan o manifesto da dereita galerista, optou por permanecer dentro do partido. Tamén fala Ferrín da literatura de combate que publica en *Nova Galiza*, do seu paso á zona franquista, que non se debe considerar un signo de transfugismo: "os comunistas de *Nueva Galicia* e os galeguistas de Castelao en *Nova Galiza* –di Ferrín– en ningún intre falan de Cabanillas como un traidor", unha visión documentada e pretendidamente xusta do poeta.

Os textos recollidos neste número 2 de *Pontenorga* poñen á disposición do público, especializado ou non, unha análise inédita da figura de Cabanillas.

Dir. Miguel Pereira Figueroa

**Pontenorga. Revista de estudos sociolingüísticos.**

*Monográfico Ramón Cabanillas* Núm. 2, 2000.

Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra.

ISSN 1139-6652